



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 1 de setembro de 2016

Hora de comezo: 14.10 h

Hora de remate: 14.30 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato

Don Manuel Fernández Munín

Don Jesús Sanjuás Mera

Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Inicio de execución subsidiaria de corta de arboredo no lugar de lamas - Boqueixón**
- 3. Execución subsidiaria limpeza de leira na parcela número 986, polígono 513, do lugar de Ramil - Lestedo.**
- 4. Solicitud de subvención para financiar a prórroga da contratación de 1 axente de emprego e desenvolvemento local**
- 5. Licenza de segregación de finca**
- 6. Inicio contratación do servizo de clases de inglés**
- 7. Aprobación de facturas**
- 8. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.- Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 18 de agosto do 2016.

2.-Inicio de execución subsidiaria de corta de arboredo no lugar de xxxxx – Boqueixón

Antecedentes

Co obxecto de que o Concello de Boqueixón exercite as atribucións que lle competen, ao abeiro do disposto nos artigos 7, parágrafos d) e e), e 22.2 da Lei 3/2007, remítese pola Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural con data 22 de xuño do 2016 e número de entrada 16/1282, escrito acompañado de copia de acta de inspección de data 26 de maio do 2016, copia de denuncia relativa á presunta infracción do disposto no artigo 21 da Lei 3/2007, presentada por dona Lucía xxxxx, na Xefatura Territorial o 18 de setembro do 2015, contra dona María xxxxx e certificado catastral da parcela número 500, polígono 503, do lugar xxxxx - Boqueixón.

No citado escrito maniféstase que o axente forestal número 333, dependente da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, con data 26/05/2016 efectuou unha inspección na parcela número 500 polígono 503 de Lamas, con motivo da denuncia presentada por dona Lucía xxxxx e con obxecto de comprobar o cumprimento das disposicións vixentes sobre a lei de incendios.

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 7 de xullo de 2016 acordouse requirir os herdeiros de dona María xxxxx, propietarios da parcela número 500, polígono 503, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta do arboredo (eucaliptos e castiñeiros) na parcela número 500, polígono 503, ata gardar unha distancia de 30 metros respecto das edificacións de dona Lucía xxxxx (no caso dos eucaliptos) e ata gardar unha distancia de 15 metros respecto das edificacións de dona Lucía xxxxx (no caso dos castiñeiros).

Deuselles igualmente trámite de audiencia.

Reciben a notificación do requirimento de corta (con rexistro de saída do 12/07/2016, número 16/617) o 15 de xullo de 2016.

Non presentaron alegacións nin documentación ó respecto.

Feita inspección técnica o 29 de agosto do 2016, polo coordinador de obras e servizos infórmase que, *“No lugar de xxxxx – Lamas, compróbase que existe unha leira adicada a monte preto da vivenda de dona Lucía xxxxx.*

Procedeuse coa corta de eucaliptos e castiñeiros PERO NON NA SÚA TOTALIDADE, posto que existen eucaliptos que están a unha distancia de 28,30 metros de distancia respecto do paramento vertical de edificación propiedade de dona Lucía xxxxx.

Apórtase reportaxe fotográfica do lugar coas medicións realizadas.”

Consideracións xurídicas

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a :

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

-O artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, **será obrigatorio para as persoas responsables, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetrais ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte**, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei (piñeiros, acacias, eucaliptos...) As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que en canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) como **os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I, deberán gardar unha distancia de 15 metros (respecto das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra do solo urbano e de núcleo rural)**.

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “ si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

- O artigo 22.4 da Lei 3/2007 sinala que “no caso de execución subsidiaria, as persoas responsables, segundo o disposto no artigo 21 ter, están obrigadas a facilitarlles os necesarios accesos ás entidades responsables dos traballos de xestión da biomasa, que non requirirán de ningunha autorización para a execucións subsidiaria da xestión da biomasa nas redes de faixas de xestión”.

O artigo 98 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro, regula a execución subsidiaria dos actos que poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado e sobre o seu custo.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Iniciar o expediente de execución subsidiaria, respecto de herdeiros de dona María xxxx, propietarios da parcela número 500, polígono 503, para proceder coa corta das árbores (eucaliptos) que están a unha distancia de 28,30 metros posto que non se gardan as distancias sinaladas no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificado pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
2. Comunicar que os traballos de execución subsidiaria de corta de arboredo ascenden a un total de 118,56 **euros**, que terán que ser **aboados polos propietarios** da leira número 500, polígono 503, do lugar de xxxxx – Lamas.
3. Dar trámite de audiencia a herdeiros de dona María xxxxx, para que procedan, no seu caso, a presentar as alegacións que estime pertinentes en relación co inicio de execución subsidiaria.

3.-Execución subsidiaria limpeza de leira na parcela número 986, polígono 513, do lugar de Ramil - Lestedo

Antecedentes :

O 19 de maio do 2016, co número de entrada 16/931, don Ramón xxxxx, con domicilio no lugar de “Travesía da Cooperativa” nº 17 e outros veciños da zona, reclaman ó concello que se poña en contacto cos propietarios dos chalets situados na “Travesía da Cooperativa” con numeración do 9 ó 15 para que procedan coa limpeza da parcela xa que “presenta aspecto de total abandono, de selvadende fai moitos anos”.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro e mediante usuario rexistrado a nome do Concello de Boqueixón a titularidade da parcela número 986, polígono 513, figurando “Construcciones y Promociones Sanamil – Lestedo SL”.

Na Xunta de Goberno do 2 de xuño do 2016 requireuse a “Construcciones y Promociones Sanamil – Lestedo SL”, propietaria da parcela número 986, polígono 513, do lugar de Ramil – Lestedo para que procedese en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da maleza existente.

Déuselle trámite de audiencia á citada empresa e ós seus administradores: herdeiros de don Ramón xxxxx, dona Socorro Teresa xxxxx, dona Marisol xxxxx e a don Francisco xxxxx (Administrador concursal da empresa “Construcciones y Promociones Sanamil – Lestedo SL”)

Construcciones y Promociones Sanamil – Lestedo SL, non recibe a notificación por figurar como “descoñecida”; herdeiros de don Ramón xxxxx non reciben a notificación por figurar como “descoñecidos”; dona Socorro xxxxx recibe a notificación o 10 de xuño de 2016; don Francisco xxxxx recibe a notificación o 9 de xuño do 2016 e dona Marisol xxxxx recibe a notificación o 9 de xuño do 2016.

Na Xunta de Goberno do 21 de xullo do 2016 acordouse aceptar a alegación presentada por dona Marisol xxxxx, no senso de proceder a continuar a tramitación do expediente co Administrador Concursal, don Francisco xxxxx, así nomeado polo Xulgado do Mercantil número 1 da Coruña, concurso abreviado 149-2013-B. Así mesmo iniciouse a execución subsidiaria para proceder coa total limpeza de maleza na parcela número 986, polígono 513, do lugar Ramil, “Travesía da Cooperativa” – Lestedo, propiedade de “Construcciones

y Promociones Sanamil – Lestedo SL”. Os traballos de execución subsidiaria de limpeza de maleza ascenden a un total de **1.410 euros**.

Déuselle igualmente trámite de audiencia.

Recibe a notificación do inicio de execución subsidiaria de limpeza da parcela número 986, polígono 513 de Ramil - Lestedo (con rexistro de saída do 28/07/2016, número 16/702) o 2 de agosto de 2016.

Non presentou alegacións nin documentación ó respecto.

Feita terceira inspección técnica o 29 de agosto no lugar de Ramil – Lestedo , na Travesía da Cooperativa compróbase que *“na parcela número 986, polígono 513, existen catro vivendas unifamiliares - pareadas, sen acabar de rematar as obras de construcións das mesmas.*

Ditas vivendas están rodeadas de abundante maleza, o cal supón un risco de produción de incendio e de insalubridade.

Axúntase reportaxe fotográfica”

Consideracións xurídicas.

- O artigo 135.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, sinala que “Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente.”

- O artigo 136.1 da citada Lei 2/2016 di que “Os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmoables a :

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior.

- O artigo 5 do Regulamento de servizos das corporacións locais, de 17/06/1955 establece a intervención das corporacións locais na actividade dos seus administrados, a través de ordes individuais, constitutivas de mandato para a execución de actos.

O artigo 98 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro , regula a execución subsidiaria dos actos que poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado e sobre o seu custo.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Proceder coa **execución subsidiaria** e en consecuencia coa limpeza de maleza na parcela número 986, polígono 513, do lugar de Ramil, “Travesía da Cooperativa” – Lestedo, propiedade de Construcciones y Promociones SANAMIL Lestedo SL.

2) Según informe económico a **valoración dos traballos de limpeza ascenden a un total de 1.410 euros**, que terán que ser aboados polos propietarios da citada leira.

Dito gasto deberá aboarse polos propietarios na seguinte conta bancaria: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón), a nome do Concello de Boqueixón.

3) Comunicar ó citado acordo ó administrador concursal, don Francisco xxxxxx, así nomeado polo Xulgado do Mercantil número 1 da Coruña , concurso abreviado 149-2013-B que nun prazo máximo de 5 días, desde o recibo desta notificación, remita mediante escrito a correspondente autorización para proceder á limpeza da maleza así como a xustificación do pagamento do mencionado importe á conta bancaria que ten o concello, anteriormente citada.

5) No caso de non obter a correspondente autorización e non aboar o citado importe procederase á execución subsidiaria polo concello e á recadación da débeda vía executiva.

4.- Solicitud de subvención para financiar a prórroga da contratación de 1 axente de emprego e desenvolvemento local

No DOG. Núm. 158 do 23 de agosto de 2016, foi publicada a ORDE do 5 de agosto de 2016 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2016.

Tal como se establece no artigo 4, punto 1b) a contía máxima da subvención que se concede para cada axente de emprego é o 25% dos custos salariais incluída a cotización á seguridade social.

O restante 75% do custo salarial corresponderalle ó Concello de Boqueixón asumilo. A presente Orde de convocatoria, tal e como establece o artigo 4, punto 2, a subvención concederáse por un período dun ano e será incompatible con outras subvencións ou axudas públicas, con independencia do seu importe, para a mesma finalidade, se proceden de fondos de políticas activas de emprego.

A citada Orde de convocatoria establece que a solicitude deberá acompañarse, entre outra documentación, dunha Memoria-Proxecto que desenvolverá o axente de emprego e desenvolvemento local nos termos establecidos no artigo 6º.1. IV.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a prórroga da contratación de 1 axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL) polo período dun ano.
2. Aprobar o proxecto para o que se solicita a subvención.
3. Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria unha subvención de 6.474,70 euros para un gasto total de 25.898,78 euros para a prórroga de dita contratación
4. Dispór da financiación para costear a parte non subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria por importe de 19.424,08 euros.
5. O cálculo da subvención que se solicita está fixado en función do convenio colectivo de aplicación que é o do Concello de Boqueixón, publicado no DOG. Núm. 42, de 02/08/2005, e conforme este, o salario que se aboaríase á traballadora é, importe mensual, o da seguinte táboa:

Apelidos e nome AEDL	Titulación académica	Salario bruto mensual	G.C	CNA ocupación	Cotización Empresarial á SS.	Total salario+S.S mensual	Custo bruto anual	Subv. solicitada
Ferreiro Sanín M ^a Cruz	Psicología clínica	1.450,75 €	1	A	465,69 €	1.916,44 €	25.898,78€	6.474,70 €

6. Comunicar este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

5.- Licenza de segregación de finca

ANTECEDENTES:

Con data do 07/06/2016, con rexistro de entrada nº: 16/1128, por D^a. ELENA xxxxxx, con DNI nº: xxxxxx e D^a. JOSEFA xxxxxx, con DNI nº: xxxxxx, preséntase un proxecto técnico de segregación, da finca catastral número 15012C505003150000DA, emprazada urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural - Ordenanza de Núcleo Común, e en Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria.

Con data do 07/07/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítese o informe técnico, no que se transcribe o seguinte: “1.- Coa documentación achegada non queda acreditada a propiedade da finca matriz con respecto ás solicitantes. Existen diferenzas entre a escritura de concentración parcelaria e a nota do Rexistro da Propiedade que non se aclaran debidamente. 2.- Nas fichas xustificativas das parcelas resultantes deberanse indicar os parámetros esgotados de ocupación e edificabilidade”.

Con data do 12/07/2016, con rexistro de saída nº: 16/641, de data do 13/07/2016, pola alcaldía, ponse en coñecemento das promotoras, o contido do informe técnico, para que presenten a nova documentación xustificativa, e as correccións técnicas requiridas, en base ao informe técnico de data do 07/07/2016.

Con data do 20/07/2016, con rexistro de entrada nº: 16/1578, de data do 22/07/2016, por dona Elena, e dona Josefa xxxxxx, presentase a documentación requirida no informe técnico da arquitecta municipal.

Con data do 04/08/2016, a arquitecta municipal, María Carmen Novoa Sío, emite o **informe técnico favorable**, no que corresponde á normativa urbanística municipal, para a realización das actuacións expostas na documentación presentada.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A xustificación do ingreso da taxa, por importe de 184,86 € (06/07/2016).
- O informe de autorización da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural
- O informe técnico favorable da arquitecta municipal (04/08/2016)

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno, acorda:

Primeiro:

Conceder, a D^a. ELENA xxxxxx, con DNI nº: xxxxxx; e a D^a. JOSEFA xxxxxx, con DNI nº: xxxxxx, a “**licenza municipal**”, para a **segregación da finca catastral número 15012C505003150000DA**, sita no Lugar de xxxxxx, na parroquia de Sergude (Concello de Boqueixón), emprazada urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural - Ordenanza de Núcleo Común; e en Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria, en base á documentación

técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

01. Núm. do expediente: 16/1128
02. Promotores da licenza: ELENA xxxxxx - JOSEFA xxxxxx
03. D.N.I. das promotoras: xxxxxx - xxxxxx
04. Clasificación urbanística: SOLO DE NÚCLEO RURAL (Ordenanza de núcleo común) SÓLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA
05. Tipo de licenza: SEGREGACIÓN DE FINCA
06. Referencia catastral da finca: 15012C505003150000DA
07. Situación e emprazamento: xxxxxx - SERGUDE
08. Técnico autor do proxecto: JORGE VALES FERNÁNDEZ. Arquitecto técnico. Col: 3900

Descrición da parcela inicial; e resultantes:

1.- PARCELA MATRIZ: referencia catastral 15012C505003150000DA

Finca nº.: 315, do plano xeral da zona de concentración parcelaria de San Verísimo de Sergude, emprazada no lugar de xxxxxx, na parroquia de Sergude, cunha extensión superficial catastral de **6.888 m²**, e que linda: norte, Manuel xxxxxx (318), María xxxxxx (316) e Carmen xxxxxx (319); sur, camiño; leste, Elvira xxxxxx (314); e oeste, con camiño.

A parcela está clasificada urbanísticamente como solo de núcleo rural común (4.292,91 m²); e como solo rústico de protección agropecuaria (2.595,09 m²).

Inscrita no rexistro da propiedade de Santiago de Compostela nº 1, co nº 7329:

Tomo 661, libro 51, folio 69, Inscrición. 1ª

Tomo 661, libro 51, folio 69, Inscrición. 2ª

Tomo 1749, libro 135, folio 161, Inscrición. 3ª

2.- PARCELAS RESULTANTES:

2.1- Parcela 315-A:

Clasificada urbanísticamente como solo de núcleo rural – ordenanza de núcleo común.

Superficie bruta: 1.996,49 m²

Cesión Municipal: 133,81 m²

Superficie neta: **1.862,68 m²**

Lindeiros:

- Norte: Josefa xxxxxx (parcela segregada 315-B); e Elena xxxxxx (parcela segregada: resto da finca 315 matriz)
- Sur: Camiño
- Leste: Elena xxxxxx (parcela segregada: resto da finca 315 matriz)
- Oeste: camiño

2.2- Parcela 315-B:

Clasificada urbanísticamente como solo de núcleo rural – ordenanza de núcleo común.

Superficie bruta: 1.199,10 m²

Cesión Municipal: 22,40 m²

Superficie neta: **1.176,70 m²**

Lindeiros:

- Norte: Manuel xxxxx (318)
- Sur: Elena xxxxx (parcela segregada 315-A)
- Leste: Elena xxxxx (parcela segregada: resto da finca 315 matriz)
- Oeste: camiño

2.3- Resto da finca 315 - matriz:

Clasificada urbanísticamente como solo de núcleo rural (1.097,32 m²) – ordenanza de núcleo común, e como solo rústico (2.595,09 m²) – ordenanza de solo rústico de protección agropecuaria

Superficie bruta: 3.692,41 m²

-Solo de núcleo rural: 1.097,32 m²

-Solo rústico: 2.595,09 m²

Cesión Municipal: 96,82 m²

Superficie neta: **1.000,50 m²**

Lindeiros:

- Norte: Manuel xxxxx (318), María xxxxx (316) e Carmen xxxxx (319)
- Sur: Camiño
- Leste: Elvira xxxxx (parcela 314)
- Oeste: Elena xxxxx (parcela segregada 315-A) e Josefa xxxxx (parcela segregada 315-B)

Segundo:

Aceptar, en base ao establecido no artigo 24.2, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; as cesións municipais correspondentes á parcela segregada 315-A (**133,81 m²**), á parcela segregada 315-B (**22,40 m²**); e resto da parcela matriz (**96,82 m²**), e destinalas á ampliación das vías públicas municipais, ás que dan fronte.

Deberá presentar, a nome do Concello de Boqueixón, a escritura pública de cesión.

Terceiro:

Notificar este acordo ás interesadas

6.- Inicio contratación do servizo de clases de inglés

Desde hai varios anos, o Servizo de Cultura e Educación deste concello, oferta na revista municipal que sae publicada coincidindo con cada estación, a actividade de inglés para que tódolos veciños e interesados poidan acceder ó aprendizaxe desta lingua. Son varios grupos con diferentes horarios os que conforman a actividade, dependendo do seu nivel de coñecementos.

Na Xunta de Goberno realizada o día 7 de xullo, acórdase non prorrogar o servizo que se tiña contratado coa empresa Piccadilly School of English, SL debido a que a empresa manifestara que no prezo actual non podían seguir prestando o servizo. É debido a este motivo polo que se inicia un novo procedemento cun tipo de licitación máis alto.

A actividade comezará o día 1 de outubro, polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Iniciar a contratación polo procedemento negociado sin publicidade do servizo de impartición de clases de inglés, de acordo co prego de cláusulas aprobado para o efecto.

3 Aprobar o seguinte prego de cláusulas administrativas particulares para a adxudicación do contrato para a prestación do servizo de impartición de clases de inglés:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE CLASES DE INGLÉS

Obxecto do contrato

A adxudicación do servizo de clases do idioma inglés dirixido a diferentes colectivos divididos en grupos segundo o nivel de coñecemento da lingua. O servizo posibilita a aprendizaxe da lingua e o acceso á obtención da titulación de Cambridge internacionalmente recoñecida.

As clases comezarán no mes de outubro, e finalizarán no mes de xullo. O calendario coincidirá co do curso académico salvo a excepción do remate das clases.

O servizo prestarase nas aulas que o concello porá a disposición do contratista.

CPV de referencia: 80000000-4 Servizos de ensinanza e formación

Presuposto máximo de licitación

O prezo de máximo de licitación será de TRINTA E UN EUROS (31€/hora lectiva), IVE exento. Incluírase nesta cantidade o material necesario do/a docente.

O valor estimado do contrato ascende a **CORENTA E CATRO MIL CENTO CORENTA E CATRO**, (44.144 €) que comprende a duración de **UN ANO de contrato e a posibilidade de 1 ano** máis de prórroga, incluíndo a valoración do custo do material que precisa o/a docente para un **total anual de horas lectivas estimadas de 614 horas**.

Prazo de execución

O prazo de execución será de 1 ano prorrogable por outro. A prórroga acordarase polo órgano de contratación, cun mes de antelación á finalización da súa duración inicial ou da prórroga correspondente, no seu caso; e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse polo consentimento tácito das partes.

Dirección dos servizos

A dirección dos servizos corresponde ó Concello de Boqueixón, que designa como responsable do contrato ó Servizo de Contratación e ó Servizo de Cultura e Educación.

As súas funcións serán: interpretar o prego e demais condicións técnicas establecidas no contrato e nas disposicións oficiais, sen prexuízo das facultades que corresponden ó órgano de contratación.

Esixir os medios e a organización necesarios para a prestación das actividades en cada unha das fases.

Dar as ordes oportunas para lograr os obxectivos do contrato.

Propor as modificacións que conveña introducir para o bo desenvolvemento do contrato.

Tramitar cantas incidencias xurdan durante o desenvolvemento do contrato.

Forma e procedemento de adxudicación

O contrato adxudicarase, mediante procedemento negociado sen publicidade, por apreciar que se cumpren as condicións previstas no art. 174 do TRLCSP. No caso de urxencia, segundo o art. 112 do TRLCSP, os prazos reduciranse á metade.

Publicarase a información no perfil do contratista www.boqueixon.com

Capacidade para contratar

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non se atopen comprendidas en algunha das circunstancias que enumera o art. 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a solvencia económica, financeira e técnica e que contén coa acreditación oficial, outorgada polo organismo oficial ou homologado, que xustifique a capacidade e habilitación profesional do empresario/a como examinador/a e/ou preparador/a oficial de Cambrigde cunha antigüidade mínima de 3 anos.

Proposicións : Lugar e prazo de presentación

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no rexistro xeral do concello, dentro do prazo de cinco días naturais, contados dende o día seguinte ao da recepción da invitación cursada para participar no proceso de contratación, en horas de nove a catorce e en tres sobres pechados, lacrados e/ou precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos nas seguintes cláusulas

Forma.

Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentaran tres sobres: **SOBRE A** (documentación xeral) e **SOBRE B** (documentación técnica), **SOBRE C** (oferta económica) do seguinte xeito:

- Asinados polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación.

- Con indicación do nome e apelidos do licitador ou, se e o caso, denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico.

- Debidamente pechados (poderán estar lacrados), de tal xeito que se garanta que permanezan nese estado ata a data da súa apertura.

As indicacións de **SOBRE A**, **SOBRE B** e **SOBRE C** respectivamente, deberán figurar na parte superior de cada un deles, e nos seus centros constará a lenda:

“Proposición para tomar parte na contratación do servizo: (deberase indicar neste espazo a denominación do contrato)”.

Cando se utilice o sistema de envío por correo, a presentación de proposicións poderá realizarse a calquera hora do ultimo día de prazo. Neste caso o licitador deba xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos (será requisito indispensable que se trate

dunha oficina de correos prestadora do Servizo Postal Universal) e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telex, fax (981 513 000) ou telegrama en calquera momento antes de expirar o día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se e recibida polo devandito órgano de contratación con posterioridade a data na que remata o prazo para presentar as solicitudes. Transcorridos os 10 días naturais seguintes a indicada data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Naqueles supostos nos que o último día para a presentación de proposicións coincida en domingo ou festivo, o prazo para a presentación de proposicións rematará o primeiro día hábil seguinte.

A presentación da proposición presume por parte do licitador a aceptación incondicional das cláusulas deste prego, así como do prego de prescricións técnicas.

Toda a documentación presentárase en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

12.4.- Documentación.

· Sobre A: Subtitulado “Documentación xeral”.

No sobre A figurará a seguinte documentación:

- Declaración responsable nos termos do Anexo I deste prego, debidamente cuberta e asinada.

- No seu caso, autorización para cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social en procedementos de contratación.

Axustarase ao modelo establecido no **Anexo III**.

- No caso de que a documentación se presente por varios empresarios que formen unha unión temporal, cada un deles deberá cubrir o **Anexo I**, incluíndo ademais unha declaración responsable subscrita por quen afirme representar a cada unha das empresas, na que figuraran:

- a) o nome e circunstancias de cada un dos que a constitúen

- b) a participación de cada un na unión a constituír

- c) a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato

- d) o representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo

- No seu caso, unha dirección de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

· Sobre B: Subtitulado “Documentación técnica e económica”

No sobre B figurará a seguinte documentación:

B.1) Documentación técnica.

Incluirase a seguinte documentación:

Programa detallado no que se describan o método que se vai a desenvolver nas clases para ver os obxectivos que se van acadar.

Relación de medios persoais (acreditando cualificacións persoais) e materiais que a empresa se compromete a poñer a disposición do concello para o cumprimento do contrato. Serán obxecto de máis valoración as empresas que dispoñan dun maior número de docentes con nivel de idioma nativo.

Sobre C: Subtitulado “Oferta económica”

Incluirase a proposición económica, que se axustará ao modelo establecido que se achega como **Anexo II** deste prego.

Garantía provisional

De acordo co disposto no art. 103 do TRLCSP, os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

Garantía definitiva

O licitador que presente a oferta económica máis vantaxosa, no prazo de 5 días hábiles contados desde que se reciba a o requirimento que lle envíe o órgano de contratación, deberá depositar a garantía definitiva polo importe do 5% do prezo de adxudicación en calquera das formas sinaladas no art. 96 do TRLCSP.

Documentos, orixinais e copias

Os documentos que acompañen ás propostas terán que ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue.

Apertura de plicas e adxudicación

O órgano de contratación comprobará a documentación do sobres 1 e posteriormente abrirá o sobre 2 no que se analizarán as referencias técnicas e se realizará o correspondente informe.

Valoración dos criterios de adxudicación excepto o factor prezo

Para a valoración das ofertas emitirase un informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación á vista da documentación incluída no sobre 2 e de acordo cos seguintes criterios de puntuación:

Fase I - Criterios non avaliados mediante fórmulas

Metodoloxía e procedementos de traballo.....20 puntos

Maior nº de docentes con nivel de idioma nativo.....20 puntos

Fase II- Oferta económica

Ata 60 puntos

Para a valoración da oferta económica terase en conta a fórmula utilizada pola Deputación da Coruña segundo convenio subscrito coa Universidade de Santiago a través da facultade de Matemáticas.

Fase de Negociación

Criterio a negociar: Oferta económica

Clasificación de ofertas e requirimento de documentación

O órgano de contratación, clasificará por orde decrecente as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais, e posteriormente, requirirá ao

licitador que tivese presentado a oferta economicamente mais vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

1.- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de personalidade xurídica do empresario:

a) Empresario individual: fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa.

b) Persoas xurídicas: será obrigatoria a presentación de copia auténtica ou compulsada do Código de Identificación Fiscal e da escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro publico que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

c) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo: a capacidade de obrar acreditarase pola súa inscrición nos rexistros procedentes de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, que se indican no Anexo I do RXLCAP. Cando a lexislación do Estado no que estean establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

d) Empresas non comunitarias: deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, no que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local no ámbito das actividades as que se estende o obxecto do contrato.

Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector publico asimilables aos enumerados no artigo 3 do TRLCSP en forma substancialmente análoga.

2.- Documentación que acredite a representación de quen asina a proposición en nome de outro:

a) DNI do asinante ou documento que regulamentariamente o substitúa.

b) Si o representado fose unha persoa física, escritura de poder notarial outorgada.

c) Si o representado fose unha persoa xurídica, escritura de constitución, ou de modificación de acordos sociais, inscritas no Rexistro Publico correspondente, nas que figuren os particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza a devandita representación. Se esta non resultase unicamente deles, presentárase, ademais, escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no rexistro Mercantil, ou no seu caso, no rexistro publico que corresponda.

d) Dilixencia de bastanteo de poderes expedida polo Secretario da Corporación ou funcionario habilitado do Concello, que valore como suficiente a documentación anterior para que o asinante poda actuar en representación do licitador. Xunto coa dilixencia de bastanteo debера de presentarse o recibo acreditativo do pago da taxa correspondente.

3.- Declaración responsable de que a empresa interesada non esta incurso en ningunha das prohibicións para contratar establecidas no artigo 60 do TRLCSP.

Exención de presentar a documentación relacionada nos apartados 1, 2 e 3 desta cláusula sempre que o licitador se atope inscrito no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, ou no Rexistro de Contratistas da Comunidade

Autónoma de Galicia, ou no Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, tendo en conta o seguinte:

- O adxudicatario presentará a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

- O adxudicatario que con carácter voluntario figure inscrito no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañará unha copia do informe relativo aos datos inscritos e en consecuencia quedará dispensado de presentar os documentos referidos, sempre que os citados informes estean vixentes (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm. 64 con data do 20 de marzo de 1998).

En todo caso o licitador deberá presentar unha declaración responsable sobre a vixencia dos datos anotados no Rexistro de Licitadores, segundo o modelo que figura como Anexo V ao presente prego. Si se tivese producido alteración dos datos rexistrais farase mención expresa na citada declaración, unindo a documentación correspondente.

4.- Documentación acreditativa das solvencias esixidas:

a) A solvencia económica e financeira debера probarse a través de algún ou varios dos medios relacionados no artigo 75 do TRLCSP modificado pola Lei 25/2013 de 28 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público.

b) A solvencia técnica ou profesional debера acreditarse mediante unha relación selada e asinada, dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos 5 anos que inclúa a descrición do obxecto dos ditos traballos, o importe, datas e beneficiarios públicos ou privados deles.

Os servizos ou traballos acreditaranse mediante certificacións expedidas ou visadas polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante unha certificación expedida por este, ou a falta desta certificación, mediante unha declaración do licitador.

Para os efectos da valoración da súa relación ou non co correspondente a presente contratación, deberan estar correctamente identificados os respectivos obxectos dos traballos referidos.

5.- Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. O adxudicatario non terá que aportar estas certificacións en caso de ter presentado dentro do SOBRE A a autorización para cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social en procedementos de contratación, debidamente cuberta. Neste último caso, esta documentación será obtida de forma directa polo órgano de contratación en base a devandita autorización.

(A inexistencia de débedas pendentes co Concello de Boqueixón será comprobada de oficio polo Departamento correspondente).

6.- Cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto de Actividades Económicas: orixinal ou copia compulsada da alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente; ou orixinal ou copia compulsada do último recibo do devandito imposto, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do mesmo; ou, no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.

7.- A documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva que fose procedente.

8.- Escritura publica de constitución da Unión Temporal de Empresas, debidamente inscrita no rexistro correspondente, cando o adxudicatario tivese tal condición.

9.- No seu caso, documentación acreditativa da efectiva disposición de medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir a execución do contrato, de conformidade co disposto no artigo 64.2 do TRLCSP.

10.- Documentación xustificativa da existencia dun contrato de seguro de responsabilidade civil que cubra a produción de danos ou prexuízos de calquera índole (persoais ou materiais) que se deriven da prestación do servizo contratado: póliza e recibo acreditativo da súa vixencia.

De conformidade co disposto no artigo 151.2 parágrafo 3o do TRLCSP, de non presentarse a documentación na forma e prazo establecidos, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a recadar a mesma documentación ao seguinte licitador, pola orde na que tivesen quedado clasificadas as ofertas.

O licitador que non cumprimente o establecido neste apartado dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou negligencia poderá ser declarado en prohibición de contratar segundo o previsto no artigo 60.2.d) do TRLCSP.

En todo caso, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá recadar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

Adxudicación

O órgano de contratación debera adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes a data de recepción da documentación a que se refire a cláusula anterior.

A adxudicación do contrato acordarase en resolución motivada, notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil do contratante, debendo indicar na notificación e no perfil do contratante o prazo en que debe procederse a súa formalización conforme ao disposto no artigo 156.3 do TRLCSP.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. No caso de que a notificación se efectúe por correo electrónico axustarase aos termos establecidos no artigo 151.4 do TRLCSP.

Formalización do contrato

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro dos oito días hábiles seguintes ao de recepción da notificación da adxudicación aos licitadores. Dito documento constitúe título suficiente para acceder a calquera rexistro publico. Non obstante, o contrato formalizarase en escritura publica cando así o solicite o contratista, sendo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

Cando os licitadores concorresen en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución debera aportarse antes da formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao contratista non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, así como a incautación da garantía provisional que no seu caso se constituíse.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, salvo nos supostos de tramitación de emerxencia.

Unha vez formalizado o contrato, comunicarase ao Rexistro Publico de Contratos a que se refire o artigo 333 do TRLCSP.

Resolución do contrato

Son causas de resolución do contrato as recollidas nos arts. 223 e 308 do TRLCSP, así como as seguintes:

A perda sobrevida dos requisitos para contratar coa administración.

A obstrución ás facultades de dirección e inspección da administración.

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, mediante procedemento tramitado de xeito reglamentario.

Nos casos de resolución por incumprimento culpable do contratista, seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á administración dos danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada.

Pagamento ó contratista

O pago do servizo realizarase posteriormente á aprobación das correspondentes facturas polo órgano competente.

As facturas deberan de cumprir os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro e coa demais lexislación vixente para o efecto. A administración debera aboar o importe das facturas dentro do prazo de trinta días.

Anexo I

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS

DON/DONA.....
con domicilio en CP....., provisto
de D.N.I. no en nome propio ou en nome e representación de
.....

SINALA como datos do/a licitador/a os seguintes:

Nome e apelidos ou denominación social.....
NIF.....telefono
fax.....correo electronico.....
Enderezo para notificacións.....

MANIFESTA a súa vontade de participar na licitación do contrato de.....

SOLICITA que se considere achegada en tempo e forma a documentación que presenta nos sobres A e B e se admita a súa participación como licitador, e

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que ten plena capacidade de obrar e que conta coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, e esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.
2. Que tratándose dunha persoa xurídica, as prestacións que constitúen o obxecto do contrato quedan comprendidas nos fins, obxecto ou ámbito de actividade que lles son propios, ao abeiro dos seus estatutos ou regras fundacionais.

3. Que a empresa non se atopa comprendida en ningunha das causas de prohibición para contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.

4. Que o que asina esta declaración, en caso de actuar en nome e representación de outro/a, posúe a representación deste/a.

5. Que reúne as condicións de solvencia económica e financeira e técnica e profesional esixidas no prego.

6. Que a empresa :

- Está dada de alta e ao corrente no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, ou se atopa nalgún dos supostos de exención regulados no artigo 82 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

- Se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e das obrigas coa Seguridade Social.

- Que non ten débedas en período executivo de pago co Concello de Boqueixón, ou que si as ten, atópanse garantidas.

7. Que a empresa, no seu caso, figura inscrita nalgúns dos seguintes rexistros (indicando o no de rexistro):

- Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, co nº.....

- Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co nº.....

- Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, co nº.....

- Outros:.....

8. Que nos termos dos artigos 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do RXLCAP (marcar cun X o que proceda):

Non se atopa incurso nos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio, por non pertencer a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo.

Atoparse incurso no suposto.....

(indicar este previsto no artigo 42.1 do Código de Comercio, ao pertencer ao grupo de empresas.....(ou

estar integrada por algún socio no que concorra algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 do Código de Comercio) respecto do que forman parte as seguintes sociedades (ou nas que concorre algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo en relación a algún dos seus socios):

1.....

2.....

3.....

4.....

5.....

6.....

9. Que, de tratarse dunha empresa estranxeira (comunitarias ou non comunitarias), sometese a xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se e o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art.146.1.d do TRLCSP).

Lugar, data e sinatura do proponente.

ALCALDE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Anexo II

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

DON/DONA.....
con domicilio en CP....., provisto
de D.N.I. no en nome propio ou en representación de
....., CIF nº,
sabedor das condicións e requisitos que se esixen para concorrer a licitación e
adxudicación do contrato de

DECLARA:

1º.- Que coñece o prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que lle
serven de base a convocatoria do citado contrato, e que os acepta incondicionalmente na
totalidade do seu contido.

2º.- Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa
Administración e que se compromete en nome
.....

(propio ou da empresa a que representa) a cumprir o contrato coa estrita suxeición aos
documentos citados de acordo coa seguinte oferta económica

Importe: €/hora

(Ive exento)

3º.- Así mesmo, comprométese ao cumprimento das disposicións vixentes en materia
laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo.

Lugar, data e sinatura do propoñente.

ALCALDE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Anexo III

AUTORIZACIÓN PARA CESIÓN DE INFORMACIÓN

DON/DONA.....
con D.N.I..... telefono
e domicilio na rúa.....
no.....piso.....C.P.....provincia.....
en nome propio eu representación da empresa.....
con NIF..... teléfono
a que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
.....

AUTORIZA a administración contratante a solicitar a cesión da información por medios
informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas
obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de
contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei
orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, Lei do
imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas

tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de Contratación o estime oportuno.

Lugar, data e sinatura do proponente.

3. Solicitar ofertas ás seguintes empresas:

El Centro Británico
C/ Ramón Cabanillas, 10 – baixo
15701 Santiago de Compostela

Academia Harris English Studies
C/ Hórreo, 37 – 1ºA
15701 Santiago de Compostela

A Casa das Linguas
C/ Luis Freire, 2
15707 Santiago de Compostela

Piccadilly School of English, SL
R/ das Orfas, 15 – 2º
15703 Santiago de Compostela

7.- Aprobación de facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar a seguinte relación de facturas que serán aboadas con cargo ó presuposto do ano 2016, por un importe total de 14.205,66 euros.

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Sogama – Tratamento RSU mes de xullo	162.3.212.00	8.019,41
2	Fornecementos Galegos, SL – Mantemento fotocopiadoras mes de agosto	920.213.00	420,63
3	Cogami – Recollida de papel e cartón mes de xullo	162.3.212.00	388,98
4	Iria Balo, SL – Inserción publicitaria revista Area de Compostela	432.226.02	302,50
5	José Manuel Cerdeira Fuentes – Transporte de 4 viaxes de area e zahorra para vías municipais	153.212.00	193,60
6	Maype Salud – Formación operarios programa integración laboral Deputación da Coruña	920.227.99	240,00
7	GSI – Calzado para operarios municipais	153.2.221.99	20,84
8	Artes Gráficas Alonso – Sobres americanos para oficinas	920.220.00	125,84
9	Darlim – Material de limpeza para edificios municipais	920.212.00	143,70
10	Gasóleos S.Benito,SL – Gasóleo A para depósitos municipais	135.221.03	2.850,00
11	Gasóleos S. Benito, SL – Gasolinas e outros para maquinaria municipal	135.221.03	507,56
12	Liquidación de gastos de Pascual Villaverde Nuñez – comida visita ó campamento Porto do Son	334.226.01	20,00
		Importe	13.233,06

A continuación transcríbense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2016

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
13	Vodafone – Servizo mensared do 15/07/16 ó 14/08/16	920.222.00	14,54
14	Correos y Telégrafos, SA – Servizo de correos mes de xullo	920.222.01	361,75
15	Telefónica de España,SAU - Facturación agrupada de teléfonos fixos locais municipais do mes de xullo	920.222.00	596,31

		Importe	972,60
--	--	---------	--------

8.- Rogos e preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria accidental.

A secretaria - interventora

Visto e prace
O alcalde